

CRITERIOS PARA O REPARTO DA AXUDA Á INVESTIGACIÓN POR PRODUCCIÓN CIENTÍFICA DE DEPARTAMENTOS E INSTITUTOS

INTRODUCCIÓN

A axuda á investigación dos departamentos / institutos debería establecerse tendo en conta, ademais do **rendemento científico**, o **grao de financiamento** total co que contan os departamentos / institutos co obxecto de promover a captación de recursos externos. En consecuencia, propóñense os seguintes criterios para establecer o reparto da axuda á investigación por produción científica.

VALORACIÓN CIENTÍFICA (VC)

Calcularanse os puntos correspondentes a cada departamento / instituto segundo os baremos existentes e a documentación aportada por eles. Para amortecer as posibles oscilacións interanuais, estes puntos sumaranse cos dos últimos anos e farase a media destes valores.

VALORACIÓN ECONÓMICA (CRAI)

Farase empregando o coeficiente de reparto da axuda á investigación (CRAI). O CRAI será calculado anualmente para cada departamento / instituto, tendo en conta o seu financiamento total, que será avaliado contabilizando os fondos procedentes da propia Universidade en concepto de produción científica do ano anterior, maillos dos proxectos de investigación o os dos contratos externos. Nos casos de proxectos e contratos, o financiamento imputaráselle ó departamento / instituto ó que pertenza o investigador principal e na avaliación da súa contía a Comisión de Investigación delegada da Xunta de Goberno priorizará os distintos tipos de proxectos (europeos, estatais e autonómicos) entre si e fronte ós contratos.

Este financiamento total dividirase polo número de profesores e axudantes do departamento / instituto, tendo en conta a súa dedicación (catedráticos, titulares, profesores asociados e axudantes a tempo completo = 1; profesores asociados, titulares e catedráticos a tempo parcial = $\frac{1}{2}$). Para os profesores que desenvolvan o seu labor investigador simultaneamente nun departamento en un instituto, este índice multiplicarase, en cada caso, por un factor entre 0 e 1 que reflecta a porcentaxe de dedicación a cada un deles. Obtense así unha media anual de financiamento por profesor (f/p) para cada departamento / instituto.

Para amortiguar as posibles oscilacións interanuais, o f/p sumarase con ese mesmo factor dos dous últimos anos, facendo logo a media destes valores (fm/p).

Unha vez obtida a media de financiamento por profesor para tódolos departamentos / institutos, estes ordenaranse de menor a maior financiamento asignándolle, ó 40% con menor media de financiamento, un CRAI 2; ó 40% con maior media, un CRAI 4 e ó 20% restante, que ten un fm/p intermedio, un CRAI entre 2 e 4. Para establecer o valor preciso do CRAI neste 20% de departamentos / institutos comprendidos na zona de fm/p intermedio, procederase do seguinte xeito: farase unha gráfica CRAI/(fm/p) representando os puntos correspondentes ó departamento / instituto de maior fm/p con CRAI 2 e ó departamento / instituto de menor fm/p con CRAI 4; a recta que pasa por ámbolos dous puntos facilitará unha interpolación lineal que permitirá definir de forma precisa o coeficiente CRAI dos departamentos / institutos situados entre os coeficientes 2 e 4.

AXUDA Á INVESTIGACIÓN

Unha vez obtido o CRAI exacto que deberá aplicarse a cada departamento / instituto, multiplicarase pola media anual de puntos da VC, dando o total de puntos que finalmente lle corresponde ó citado departamento / instituto (pu). Unha vez coñecidos os pu de cada departamento / instituto e o sumatorio que isto supón para o total da Universidade, establecerase o valor en pesetas de cada punto por reparto proporcional do orzamento existente cada ano para axuda á produción científica (APC):

$$APC/\sum(pu) = \text{pesetas/punto}$$

Este valor en pesetas por punto, multiplicado polo pu de cada departamento / instituto, dará como resultado o crédito orzamental que lle corresponde.

CRITERIOS DE APLICACIÓN DO CRAI E CORRECCIÓNS

Ningún departamento / instituto poderá ver diminuído nin incrementado o seu CRAI en máis dun punto por ano.

Naqueles departamentos que se escindan en dous novos departamentos, o CRAI aplicable a cada un deles calcularase repartindo de forma proporcional os ingresos medios dos tres últimos anos do departamento de orixe entre os profesores que formen cada un dos novos departamentos.

Nos departamentos / institutos de nova creación, o CRAI que se aplicará durante os tres primeiros anos desde a creación dese departamento / instituto, será establecido por acordo da Comisión de Investigación. A partir do terceiro ano, existindo xa os datos necesarios para o cálculo do CRAI, o dito coeficiente será establecido de igual forma que para o resto dos departamentos / institutos.

A Comisión de Investigación poderá, excepcionalmente, propoñer á Xunta de Goberno para a súa aprobación, aquelas correccións de mellora do CRAI para departamentos / institutos concretos que por especial interese para a institución deban ser potenciados, unha vez analizada a situación especial que aconteza nese departamento / instituto.

DILIXENCIA: Para facer constar, antes da aprobación da acta correspondente, que a Xunta de Goberno da Universidade, na súa sesión do día 15 de febreiro de 1996, **acordou aproba-los presentes “CRITERIOS PARA O REPARTO DA AXUDA Á INVESTIGACIÓN POR PRODUCCIÓN CIENTÍFICA DE DEPARTAMENTOS E INSTITUTOS”**. Co visto e praxe do Excmo. e Magfco. Sr. Rector.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 1996

Visto e praxe,
O RECTOR

O SECRETARIO XERAL

F. Darío Villanueva Prieto

Gumersindo Guinarte Cabada